

**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE, O
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A SOCIEDADE MUNICIPAL DE
XESTIÓN DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO, SA (TUSSA) PARA A
ORDENACIÓN DA XESTIÓN DA EXPLOTACIÓN DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación de la Xunta de Galicia, segundo designación efectuada por Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia e en uso das atribucións que lle corresponden de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 100 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Doutra parte, Xosé Antonio Sánchez Bugallo, Alcalde del Concello de Santiago de Compostela, intervién en nome e representación deste, en exercicio das atribucións que lle confire o artigo 124.4 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local.

Doutra parte, Xosé Antonio Sánchez Bugallo, alcalde do Concello de Santiago de Compostela e presidente do Consello de Administración da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago SA (TUSSA) intervién en nome e representación desta, en exercicio das atribucións que lle confire o artigo 24. e) dos seus estatutos.

EXPOÑEN

Primeiro. O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, establece no seu artigo 27.8 que a Comunidade Autónoma galega ten competencia exclusiva en materia de ferrocarrís e estradas non incorporados na rede do Estado e cuxo



itinerario se desenvolva integramente no territorio da comunidade autónoma e, nos mesmos termos, o transporte levado a cabo por estes medios ou por cable.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de conformidade co previsto no Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da devandita consellería, ten entre as súas competencias o de impulso, xestión e coordinación das políticas nos ámbitos da planificación, financiamento e ordenación do transporte.

En concreto, correspóndelle, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, o estudo, análise e implantación de plans e proxectos de fomento do transporte público e a mobilidade sustentable, así como a planificación, coordinación, redacción dos estudos e proxectos necesarios para o seu desenvolvemento e execución da oferta intermodal de transporte na Comunidade Autónoma e das infraestruturas do transporte de viaxeiros/as, así como a proposta da súa adxudicación e explotación.

E nesta liña, compételle a preparación e seguimento de protocolos, acordos e convenios sobre actuacións concertadas con outras administracións públicas en materia de infraestruturas de transporte.

E o artigo 100 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia atribue ás persoas titulares das diferentes consellerías a facultade de celebrar convenios para a ordenación das facultades que lles correspondan sobre os bens e dereitos que tivesen adscritos orgánicamente, previo informe favorable do centro directivo competente en materia de patrimonio.

Segundo. O Concello de Santiago de Compostela é titular de competencias en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; tráfico, estacionamento de vehículos, mobilidade e transporte colectivo urbano, segundo o disposto no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Así mesmo, é competente en materia de transporte público de viaxeiros segundo o disposto no artigo 80.2. m) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.



Terceiro. A Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago (TUSSA), constituída polo Concello de Santiago de Compostela, como empresa municipal con forma de sociedade anónima ao amparo das normas reguladoras das sociedades anónimas e da Lei reguladora das bases de réxime local (Lei 7/1985, de 2 de abril), texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (RDL 781/1986, de 18 de abril) Regulamento de servizos da corporacións locais e demais normativa de aplicación, ten como obxecto a instrumentación das políticas de transporte público urbano de viaxeiros, en Santiago de Compostela, e de coordinación con outros sistemas de transporte que serven as necesidades da cidade, isto é, as competencias que neste ámbito ostenta o Concello de Santiago de Compostela, consonte a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e a Lei 7/1985, do 2 de abril.

Neste sentido e, segundo o artigo 2. f) dos seus estatutos, TUSSA pode realizar a xestión, explotación e administración de estacións de autobuses, directamente – por si ou agrupada con outras entidades publicas ou privadas – ou indirectamente – mediante a subscrición de accións ou participacións en sociedades con obxecto social idéntico ou semellante – previa autorización ou encomenda do Pleno do Concello de Santiago de Compostela ou adicionalmente calquera actividade comercial ou industrial relacionada directamente ou complementaria desta, ao formar estas actividades parte do seu obxecto social.

A maiores, cómpre salientar que TUSSA é un medio propio e servizo técnico do Concello de Santiago de Compostela e o seu capital social é totalmente público, ao terse desembolsado e subscrito integramente por dito concello.

Cuarto. A estación de autobuses de Santiago de Compostela, situada na Praza de Camilo Díaz Baliño, foi adxudicada ao Concello de Santiago de Compostela por Resolución do Ministerio de Obras Publicas de 1 de xuño de 1971 (BOE nº142, de 15 de xuño), por un período de 75 anos, mediante un contrato de concesión de explotación do servizo publico.

Mediante o Real Decreto 212/1979, de 26 de xaneiro, o Real Decreto 2299/1982, de 24 de xullo, e o Real Decreto 3548/1983, de 28 de decembro, traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos en materia de transportes terrestres.



Asemade, o Real Decreto 88/1996, do 26 de xaneiro, sobre ampliación de medios materiais traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de transportes terrestres, traspasouse á Comunidade Autónoma o inmovible de dominio publico que ocupa a estación de autobuses de Santiago de Compostela, sito na Praza de Camilo Díaz Baliño .

E por Resolución da Consellería de Política Territorial, Obras Publicas e Vivenda de 5 de abril de 2005, autorizouse a cesión da concesión da explotación do servizo publico da estación de autobuses á empresa Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago (TUSSA), nas mesmas condicións da adxudicación orixinaria e coa limitación que na mesma se establece, que foi incorporada á escritura publica de cesión outorgada o ante notario o 30 de xuño de 2005.

Quinto. O 15 de xuño de 2016 asinouse un Convenio Marco de Colaboración entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a Entidade Pública Empresarial ADIF-Alta Velocidade, para o desenvolvemento da futura estación intermodal de Santiago de Compostela e a súa contorna urbana, toda vez que *“as partes comparten o interese en promover a utilización do transporte público e a mobilidade sustentable, a través de medidas e actuacións destinadas a alcanzar a intermodalidad entre o transporte público de viaxeiros en autobús e o transporte público de viaxeiros en ferrocarril, facilitando desta maneira os desprazamentos entre a orixe e o destino final do usuario con maior rapidez, eficiencia e menor custo,”*

E o mesmo sinala coma obxectivos a atinxir:

- Dotar á estación de Santiago das instalacións coa capacidade e condicións necesarias para a chegada da alta velocidade a Galicia.
- Promover a utilización do transporte público e a mobilidade sustentable, mediante a execución dunha estación intermodal en Santiago de Compostela que poña a disposición do usuario a posibilidade de combinar diferentes modos de transporte público (ferrocarril e autobús) dunha maneira rápida e eficiente e cun menor custo ambiental e económico.
- Mellorar a permeabilidade transversal da cidade na contorna da estación de ferrocarril de Santiago de Compostela, a través dunha conexión peonil entre os barrios do Ensanche e Ponte Pedriña que, á súa vez, permitirá a conexión entre a estación de ferrocarril e a nova estación de autobuses. Dita conexión será funcionalmente capaz de



permeabilizar fluxos de carácter peonil entre ambas as partes da cidade de maneira accesible.

- Adaptar as instalacións ferroviarias ás necesidades a curto e medio prazo, permitindo ao mesmo tempo a compatibilidade desta actuación co posterior desenvolvemento global do ámbito e da estación intermodal.

Entre os ámbitos de colaboración previstos no convenio atopase a execución pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade dunha nova estación de autobuses, que se integra na futura estación intermodal.

Para lograr estes obxectivos, o 5 de outubro de 2017, o Consello da Xunta aprobou a Fase I do proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de autobús e pasarela peonil de conexión -incluso praza Clara Campoamor), como proxecto público de urxencia ou excepcional interese.

O obxectivo do proxecto da nova estación de autobuses integrada na estación intermodal de Santiago de Compostela é aproximar as dúas estacións destinadas aos dous tipos de transportes de viaxeiros de ferrocarril e de autobús; onde ademais se mellora a conexión entre dous ámbitos da cidade actualmente divididos polas vías do tren.

A parcela na que se está a construír a nova Estación de Autobuses de Santiago de Compostela é unha franxa alargada situada ao sueste da actual estación de trens de ADIF, que na súa parte máis ampla ten unha dimensión de 70 metros e unha lonxitude aproximada de 290 metros. A parcela linda ao noroeste co ámbito onde se asenta a actual estación de ferrocarril de ADIF e ao sueste coa rúa Clara Campoamor.

O edificio organízase en dúas plantas superpostas, na planta inferior sitúase a zona de dársenas e as vías de circulación e manobra de vehículos, e na planta superior do edificio atópanse os servizos necesarios para atender aos viaxeiros/as.

A conexión co casco urbano e coa estación de trens realízase a través dunha gran pasarela transversal elevada que conecta os edificios e facilita a circulación dos pasaxeiros/as.



A estación conta con 2.795,76 m² de superficie útil e 8.870,81 m² de superficie construída.

Para a súa execución, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitou o contrato de obra para a execución da nova estación de autobuses integrada na estación intermodal de Santiago de Compostela, o cal, logo da súa tramitación, foi formalizado o 11 de xuño de 2018.

O orzamento do contrato é de 14.299.344 € (sen IVE) , cofinanciados nun 80% con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), Programa Operativo Galicia 2014-2020.

Outro dos ámbitos de colaboración previstos no convenio marco de colaboración versaba sobre a situación xurídica que a entrada en funcionamento da nova estación de autobuses produciría en relación ao contrato de xestión de servizos da actual estación de autobuses comprometéndose tanto a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade coma o Concello de Santiago de Compostela a estudar a referida situación e a buscar unha solución que non levara consecuencias indemnizadoras para ningunha das dúas partes, e así se expresa nas súas cláusulas terceira e sétima.

Sexto. Próximo o remate da construción da nova estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, noutra localización e con unha infraestrutura diferente á da actual estación, faise necesario unha nova ordenación das relacións xurídicas existentes entre a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela co fin de atinxir os obxectivos fixados no convenio marco de colaboración asinado o 15 de xuño de 2016 e favorecer a utilización do transporte público e unha mobilidade sostible.

Así, tendo en conta que, a actual estación de autobuses de Santiago de Compostela é xestionada pola sociedade municipal TUSSA, medio propio e servizo técnico do Concello de Santiago de Compostela, mediante un contrato de concesión cuxa vixencia se estende ata o 1 de xuño de 2046 que é necesario resolver, habida conta o investimento realizado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia para dotar a Santiago de Compostela dunha nova estación de autobuses máis moderna, funcional e eficiente, resulta preciso coordinar os esforzos de ambas administracións de cara a optimizar a xestión da explotación da estación de transportes en Santiago de Compostela, de xeito tal que se poida realizar o peche da actual estación de autobuses e a apertura da nova estación de



autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, sen merma da calidade na prestación do servizo de estación de transportes na cidade e ocasionando as menores molestias posibles aos usuarios/as destas infraestruturas.

Este proceso require alcanzar a un tempo dous fitos: por unha parte, a resolución do contrato de concesión para a explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela outorgado por Resolución do Ministerio de Obra Publicas de 1 de xuño de 1971, así como do resto de contratos relativos aos servizos complementarios, de xeito tal que se poidan conseguir dous obxectivos:

Un, permitir o cese na prestación do servizo público de estación de autobuses que se desenvolve en dita infraestrutura dende a súa adxudicación ao mesmo tempo que se poña en servizo a nova estación de autobuses de Santiago de Compostela sita na rúa Clara Campoamor desta cidade sen merma nos servizos prestados.

Dous, reverter os bens e instalacións da estación de autobuses de Santiago de Compostela a súa titular nas condicións establecidas no contrato de 1 de xuño de 1971 e nas pactadas neste convenio para facer efectiva a dita entrega.

O propio título contractual de 1 de xuño de 1971, polo que se adxudicou a concesión para a explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela dota da figura xurídica precisa para cumprir este primeiro fito, ao prever na súa condición 23ª.5 a posibilidade de extinción do contrato por mutuo acordo da Administración e do concesionario e na condición 28 que sinala: *“En caso de extinción de la concesión por mutuo acuerdo de la Administración concedente y el concesionario, se estará a lo validamente estipulado al efecto por ambas partes.”*

E isto, sen prexuízo, da obriga do concesionario de reverter o servizo á Administración, e de entregar as obras e instalacións a que estea obrigado segundo o contrato, e no estado de conservación e funcionamento adecuados.

Asemade, o artigo 75 do Texto articulado de la Ley de Bases de Contratos del Estado aprobado por Decreto 923/1965, de 8 de abril, norma legal de aplicación á resolución do



contrato de referencia, ampara como causa de resolución dos contratos de xestión de servizos públicos o mutuo acordo entre a Administración e o empresario concesionario.

E, finalmente, idéntica previsión atopamos na vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cal, configura o mutuo acordo entre a administración e o contratista como unha causa de resolución contractual, sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconvinte a permanencia do contrato e non concorran outra causa de resolución imputable ao contratista.

Por outra parte, o segundo fito vén constituído pola apertura e explotación da nova estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, e para o seu cumprimento considérase axeitado acudir a figura do convenio patrimonial, ao constituír un instrumento xurídico capaz de permitir a ordenación de ditas relacións patrimoniais nun determinado ámbito ou a realización de determinadas actuacións respecto dos bens e dereitos de cadanseu patrimonio.

A maiores, non pode esquecerse que os convenios patrimoniais poden conter cantas estipulacións se consideren necesarias ou convenientes para a ordenación das relacións patrimoniais entre as partes que interveñan, sempre que non sexan contrarias ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios da boa administración.

Neste marco, a Lei 5/2011, de 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, permite o uso privativo de bens de dominio público baixo a modalidade de concesión de dominio público, cando a ocupación se efectúe con obras ou instalacións fixas ou por prazo inicial superior a catro anos.

Esta figura, a concesión demanial deben axustarse ás condicións que se aproben pola persoa titular da consellería a que se atopen adscritos organicamente os bens, previo informe favorable da consellería competente en materia de patrimonio, que será preceptivo e vinculante.

E pode adxudicarse directamente cando, coma acontece no presente suposto, o concesionario fose outra administración pública, ao tempo que o referido outorgamento



debe formalizarse nun documento administrativo e que este documento é título suficiente para inscribir a concesión no rexistro da propiedade.

En definitiva, a través dunha nova regulación das relacións de carácter patrimonial chamadas a realizar por cada unha das partes asinantes deste convenio, regulase a obriga de transmisión da titularidade dos terreos sobre os que se asenta o edificio da nova estación de autobuses, ao tempo que se dota dun título xurídico que habilite ao Concello de Santiago de Compostela para desenvolver a explotación da nova estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal.

Sétimo. Tendo en conta os obxectivos fixados no convenio marco de colaboración asinado o 15 de xuño de 2016, os fins expresados nos expoñendos anteriores e o interese público de fomentar a utilización do transporte público e garantir unha mobilidade sostible e de maior calidade, a través de medidas e actuacións destinadas a alcanzar a intermodalidade entre o transporte público de viaxeiros/as en autobús e o transporte público de viaxeiros/as en ferrocarril, facilitando deste xeito os desprazamentos entre o orixe e o destino final dos usuarios con maior rapidez, eficiencia e menor custe, constitúe a vontade das partes intervenientes subscribir un convenio co fin de resolver, por mutuo acordo das partes, o contrato de xestión do servizo público da estación de autobuses adxudicado ao Concello de Santiago de Compostela por Resolución do Ministerio de Obra Públicas de 1 de xuño de 1971 e posteriormente cedido TUSSA e ordenar as relacións de carácter patrimonial entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para a explotación da futura estación de autobuses de Santiago de Compostela, de acordo co establecido no artigo 99 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, a través deste convenio de carácter executivo.

En virtude do exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:



Primeira. Obxecto e fin

É obxecto do presente convenio ordenar as relacións de carácter patrimonial entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Santiago de Compostela para garantir a xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela, a través da materialización das seguintes actuacións:

1º) Formalizar a resolución, por mutuo acordo das partes, do contrato de xestión do servizo público da estación de autobuses adxudicado ao Concello de Santiago por Resolución do Ministerio de Obras Públicas de 1 de xuño de 1971 e, posteriormente, cedido á sociedade municipal TUSSA o 5 de abril de 2005.

2º) Outorgar ao Concello de Santiago de Compostela unha concesión de dominio público sobre os terreos e as instalacións da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, situada na rúa Clara Campoamor, e construída pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, segundo o proxecto denominado “ Fase I do proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de autobuses e pasarela peonil de conexión – incluso praza clara Campoamor), para a xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela.

Segunda. Obrigas da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade obrígase a:

1º) Acordar, de mutuo acordo, coa sociedade municipal TUSSA a resolución e liquidación do contrato de xestión do servizo público da estación de autobuses adxudicado ao Concello de Santiago de Compostela por Resolución do Ministerio de Obras Públicas de 1 de xuño de 1971 e, posteriormente, cedido á sociedade municipal TUSSA o 5 de abril de 2005, segundo se regula no Anexo I deste convenio e cos efectos que deste se deriven.

2) Outorgar ao Concello de Santiago de Compostela unha concesión de dominio público sobre os terreos e as instalacións da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, situada na rúa Clara Campoamor, e construída pola



Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, segundo o proxecto denominado “ Fase I do proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de autobuses e pasarela peonil de conexión – incluso praza clara Campoamor), para a xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela, segundo se regula no Anexo II deste convenio e cos efectos que deste se deriven.

3) Comunicar ao Concello de Santiago de Compostela as obrigas de publicidade derivadas do financiamento da construción da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), Programa Operativo Galicia 2014-2020.

Terceira. Obrigas do Concello de Santiago de Compostela

O Concello de Santiago de Compostela obrígase a:

1º) Xestionar a explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela, segundo a concesión de dominio público outorgada no Anexo II deste convenio, no que se establecen condicións xurídicas, económicas e de explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal.

2º) Transmitir á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a titularidade, debidamente inscrita no rexistro da propiedade dos terreos sobre os que se asenta a nova estación de autobuses de Santiago de Compostela ocupados polo Concello de Santiago de Compostela e postos a disposición da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, mediante acordo da Xunta de Goberno do Concello de Santiago de Compostela de 20 de xullo de 2018.

3) Cumprir as obrigas de publicidade derivadas do financiamento da construción da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), Programa Operativo Galicia 2014-2020.

Cuarta. Obrigas da sociedade municipal TUSSA

A sociedade municipal TUSSA obrígase a:



Acordar, de mutuo acordo, coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a resolución e liquidación do Contrato de xestión do servizo publico da estación de autobuses adxudicado ao Concello de Santiago por Resolución do Ministerio de Obra Publicas de 1 de xuño de 1971, e, posteriormente, cedido á sociedade municipal TUSSA o 5 de abril de 2005, segundo se regula no Anexo I deste convenio e cos efectos que deste se deriven.

Quinta. Réxime económico

O réxime económico derivado da resolución e liquidación do contrato de xestión do servizo publico da estación de autobuses adxudicado ao Concello de Santiago por Resolución do Ministerio de Obra Publicas de 1 de xuño de 1971, e, posteriormente, cedido á sociedade municipal TUSSA o 5 de abril de 2005, será o validamente acordado polas partes, e que figura no Anexo I deste convenio.

O réxime económico da concesión de dominio público para a xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal será o establecido no título concesional outorgado ao Concello de Santiago de Compostela para a xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal e no Proxecto de explotación da referida estación de autobuses, e que figura no Anexo II deste convenio.

Sexta. Comisión de seguimento

Aos efectos de velar polo cumprimento das obrigas contraídas por cada unha das partes intervenientes e coordinar a finalización da prestación do servizo publico e o peche da actual estación de autobuses así como o inicio da explotación da nova estación, crease unha Comisión de Seguimento paritaria composta por un representante da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e un representante do Concello de Santiago de Compostela.

A Comisión de Seguimento asumirá as seguintes funcións:

- a) Levar a cabo seguimento dos efectos derivados do contrato de xestión do servizo publico da estación de autobuses adxudicado ao Concello de Santiago por Resolución do Ministerio



de Obra Publicas de 1 de xuño de 1971, e, posteriormente, cedido á sociedade municipal TUSSA o 5 de abril de 2005, do cese da actividade polo concesionario e subcontratistas así como o abandono e entrega dos bens e instalacións á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

b) Levar a cabo seguimento da posta en servizo e inicio da actividade da nova estación de autobuses integrada na estación intermodal realizada polo concesionario segundo o título concesional, o proxecto de explotación e o regulamentos de explotación da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela.

c) Promover a coordinación necesaria para a realización de cantas accións se estimen necesarias e oportunas para a consecución dos obxectivos do convenio.

d) Estudar e propoñer, de ser o caso, calquera medida que, en relación cos fins do presente convenio, redunde no beneficio dos obxectivos perseguidos co mesmo.

e) Emitir informe respecto de calquera dúbida que se suscite na interpretación e /ou aplicación deste convenio.

f) Resolver os problemas que se susciten na interpretación do convenio.

A Comisión de Seguimento convocarase e reunirase a pedimento de calquera das partes e ás reunións poderán asistir, aqueles técnicos cuxa presenza se considere conveniente para o cumprimento das funcións que ten encomendadas.

A representación da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade presidirá a Comisión de Seguimento.

Sétima. Modificación do convenio

O convenio poderá ser modificado de mutuo acordo das partes asinantes.

Oitava. Extinción do convenio



O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto. En caso contrario, este convenio tamén se extinguirá no suposto de incorrer nunha causa de resolución.

Son causas de resolución do convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Novena. Efectos e vixencia

O presente convenio perfeccionase coa súa subscrición e producirá efectos dende a súa sinatura e ata o cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, prazo que non poderá ser superior a catro anos, salvo prorroga por acordo unánime das partes.

Malia ao anterior, dado o obxecto e fin deste convenio, e sen prexuízo da súa validez, a eficacia dos negocios xurídicos recollidos no Anexo I e o Anexo II deste convenio queda condicionada nos termos e condicións nestes regulados.

Décima. Réxime Xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa e réxese pola Lei 5/2011, de 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, polo Texto articulado da Lei de Bases de Contratos do Estado, aprobado por Decreto 923/1965, de 8 de abril, e pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas.

En consecuencia as dúbidas e controversias que poidan xurdir con motivo da interpretación e aplicación deste convenio de colaboración, e que non fosen resoltas pola Comisión de



Seguimento do mesmo, resolveranse polas normas aplicables en dereito, e serán competencia da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Decima primeira. Publicidade

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 de 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, de 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 de 3 de agosto).

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo dixitalmente o presente convenio.

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

O alcalde de Santiago de Compostela e
presidente do Consello de Administración
de TUSSA

Ethel María Vázquez Mourelle

Xosé Antonio Sánchez Bugallo



ANEXO I

RESOLUCIÓN, POR MUTUO ACORDO, DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES ADXUDICADO AO CONCELLO DE SANTIAGO POR RESOLUCIÓN DO MINISTERIO DE OBRA PÚBLICAS DE 1 DE XUÑO DE 1971

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación de la Xunta de Galicia, segundo designación efectuada por Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia e en uso das atribucións que lle corresponden de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 323 da Lei 9/2017, de 8 de novembro.

Doutra parte, Xosé Antonio Sánchez Bugallo, alcalde do Concello de Santiago de Compostela e presidente do Consello de Administración da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago SA (TUSSA) intervén en nome e representación desta, en exercicio das atribucións que lle confire o artigo 24. e) dos seus estatutos.

Ambas partes recoñécense reciprocamente competencia e capacidade xurídica para formalizar o presente acordo de resolución por mutuo acordo, e para tal efecto déixase constancia dos seguintes

ANTECEDENTES

Primeiro. Mediante Resolución do Ministerio de Obra Públicas de 1 de xuño de 1971 outorgouse ao Concello de Santiago de Compostela a concesión de explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela consonte á proposición subscrita o 9 de maio de 1971.



A concesión tiña por obxecto a explotación da estación de autobuses da cidade de Santiago de Compostela, situada na zona de San Caetano, e se outorgou por un prazo de setenta e cinco (75) anos, a contar dende a data de adxudicación definitiva.

Mediante resolución da Secretaría Xeral técnica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda do 19 de xaneiro de 2005 autorizouse a cesión da concesión da explotación do servizo público da estación de autobuses de Santiago de Compostela (A Coruña) á sociedade municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago de Compostela, TUSSA, nas mesmas condicións da súa adxudicación orixinaria e coas limitacións nesta autorización establecidas.

A referida cesión da concesión por parte do Concello de Santiago de Compostela á sociedade municipal TUSSA tivo lugar mediante escritura pública outorgada ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia Manuel Remuñán López o 30 de xuño de 2005, número de protocolo 1.178.

Segundo. Mediante resolución do 14 de decembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, iniciouse o procedemento de resolución do antedito contrato de concesión, por mutuo acordo, debido a que, por razóns de interese público, non se considera necesario manter a actual estación de autobuses de Santiago de Compostela, habida conta o investimento realizado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia para dotar a Santiago de Compostela dunha nova estación de autobuses máis moderna, funcional e eficiente, capaz de fomentar a utilización do transporte público e garantir unha mobilidade sostible e de maior calidade, a través de medidas e actuacións destinadas a alcanzar a intermodalidade entre o transporte público de viaxeiros/as en autobús e o transporte público de viaxeiros/as en ferrocarril, facilitando deste xeito os desprazamentos entre o orixe e o destino final dos usuarios con maior rapidez, eficiencia e menor custe.

Terceiro. O 14 de decembro de 2020 a Subdirección Xeral de Infraestruturas do Transporte emitiu informe sobre a resolución do contrato de concesión da explotación do servizo público da estación de autobuses de Santiago de Compostela (A Coruña).



Cuarto. Segundo o establecido no artigo 109.1.a do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administración Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, a sociedade municipal TUSSA manifesta neste acto a súa conformidade co informe da Subdirección Xeral de Infraestruturas do Transporte, e con que se continúe co procedemento de resolución do contrato por mutuo acordo, segundo o previsto na condición 23.5 en relación coa condición 28 do contrato de concesión da explotación do servizo público da estación de autobuses de Santiago de Compostela de 1 de xuño de 1971, así como no artigo 75 do Decreto 923/1965, de 8 de abril, e na letra c) do artigo 211 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, dándose por realizado o referido trámite de audiencia.

Quinto. O 17 de decembro de 2020, a Dirección Xeral de Mobilidade, imitiu informe proposta de resolución do contrato por mutuo acordo.

Na citada proposta, informada favorablemente pola Asesoría Xurídica o 28 de decembro de 2020, constatouse o cumprimento do procedemento de resolución contractual e dos requisitos esixidos para a resolución do contrato por mutuo acordo.

Polo exposto,

Logo de realizar os tramites esixidos pola normativa contractual en materia de resolución de contratos, as partes, en exercicio da causa de resolución contractual regulada na condición 23.5 en relación coa condición 28 do contrato de concesión da explotación do servizo público da estación de autobuses de Santiago de Compostela de 1 de xuño de 1971, así como do previsto no artigo 75 do Decreto 923/1965, de 8 de abril, e o na letra c) do artigo 211 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público

ACORDAN:

Resolver, por mutuo acordo, o contrato de concesión da explotación do servizo público de estación de autobuses de Santiago de Compostela adxudicado ao Concello de Santiago por Resolución do Ministerio de Obra Publicas de 1 de xuño de 1971 e, posteriormente, cedido á sociedade municipal TUSSA o 5 de abril de 2005, con suxeición ás seguintes



ESTIPULACIÓNS

Primeira. Réxime económico

A consellería de Infraestruturas e Mobilidade non abonará cantidade económica ningunha á sociedade municipal TUSSA en concepto de valor da concesión pola resolución e liquidación do contrato de concesión da explotación do servizo público de estación de autobuses de Santiago de Compostela adxudicado ao Concello de Santiago por Resolución do Ministerio de Obra Publicas de 1 de xuño de 1971 e, posteriormente, cedido á sociedade municipal TUSSA o 5 de abril de 2005.

Asemade, as partes acordan que tampouco procede o abono de indemnización ningunha en concepto de danos e perdas como consecuencia da resolución do contrato de concesión da explotación do servizo público de estación de autobuses de Santiago de Compostela dxudicado ao Concello de Santiago por Resolución do Ministerio de Obra Publicas de 1 de xuño de 1971 e, posteriormente, cedido á sociedade municipal TUSSA o 5 de abril de 2005.

Segunda. Garantía definitiva

Consonte ao previsto na condición 29 do contrato de concesión da explotación do servizo público de estación de autobuses de Santiago de Compostela adxudicado ao Concello de Santiago por Resolución do Ministerio de Obra Publicas de 1 de xuño de 1971 e, posteriormente, cedido á sociedade municipal TUSSA o 5 de abril de 2005, o Concello de Santiago de Compostela quedou exceptuado da presentación dunha garantía definitiva por aplicación do artigo 661.4 da Lei de réxime local vixente á sinatura do contrato.

Consecuentemente, non existindo depósito de garantía ningunha, non procede a súa devolución.

Terceira. Reversión dos bens e dereitos obxecto de concesión



As partes acordan que a sociedade municipal TUSSA cese no aproveitamento dos bens de dominio público adscritos á concesión da explotación do servizo público da estación de autobuses de Santiago de Compostela, isto é, os terreos e edificio da estación de autobuses, que serán postos a disposición da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade en perfecto estado de conservación e mantemento, de forma gratuita e sen contraprestación de ningunha natureza.

Os terreos e instalacións ocupados polo Servizo de Emerxencias e Extinción de Incendios municipal (SEIS) non están comprendidos na reversión, autorizándose a continuación da ocupación vixente nos seu estritos termos en tanto o citado servizo non dispoña doutras instalacións axeitadas no termo municipal de Santiago de Compostela.

Cando isto ocorra, o Concello de Santiago entregará o terreo e instalación existente á Administración xeral da Comunidade Autónoma mediante a formalización dunha acta.

Finalmente, as partes acordan que a sociedade municipal TUSSA reverta á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, en perfecto estado de conservación e libre de cargas e gravames, todas as instalacións e medios complementarios executados pola sociedade municipal TUSSA para a debida explotación do servizo de estación de autobuses, adquiríndose pola Administración xeral gratuitamente, e sen que, por parte da concesionaria, se teña dereito ningún a percibir unha indemnización por dita reversión.

Tanto a posta a disposición dos referidos bens de dominio público coma a reversión das instalacións e medios auxiliares empregados pola sociedade municipal TUSSA para a explotación da concesión instrumentarase mediante unha acta de entrega que será asinada por un representante de cada unha das partes no prazo máximo dun (1) mes, a contar dende a data de posta en servizo da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, situada na rúa Clara Campoamor, que será notificada á sociedade municipal TUSSA pola Consellería de infraestruturas e Mobilidade.

Cuarta. Servizos complementarios do servizo público da estación de autobuses de Santiago de Compostela



As partes acordan que a sociedade municipal TUSSA resolva todos os contratos e/ou negocios xurídicos que teña concertado para a prestación dos servizos accesorios ao da explotación da concesión do servizo público de estación de autobuses, tales coma os previstos na condición 16.1 do contrato de concesión da explotación do servizo público de estación de autobuses de Santiago de Compostela adxudicado ao Concello de Santiago por Resolución do Ministerio de Obra Publicas de 1 de xuño de 1971 e, posteriormente, cedido á sociedade municipal TUSSA o 5 de abril de 2005.

A resolución dos contratos de servizos complementarios por parte de TUSSA en ningún caso lle dará dereito a reclamar indemnización ningunha por este concepto á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A resolución destes contratos de servizos complementarios deberá realizarse no prazo máximo dun (1) mes, a contar dende a data de posta en servizo da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, situada na rúa Clara Campoamor, que será notificada á sociedade municipal TUSSA pola Consellería de infraestruturas e Mobilidade.

Quinta. Gastos xerais e servizos individuais

As partes acordan que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade se subroga na posición de contratante da sociedade municipal TUSSA respecto dos contratos de seguro dos bens e instalacións da estación de autobuses de Santiago de Compostela, de electricidade, de abastecemento de auga ou calquera outro servizo individualizado mediante un aparello contador e subscrito pola contratista en relación coa estación de autobuses e a súa explotación.

Asemade, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade se subrogará, de ser o caso, na posición da sociedade municipal TUSSA respecto dos tributos que sexan de aplicación aos bens e instalacións da estación de autobuses de Santiago de Compostela obxecto de reversión.

A subrogación por parte da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade nos dereitos e obrigas derivados destes contratos e tributos producirase dende a sinatura da acta de



entrega prevista na estipulación terceira.

A este respecto a sociedade municipal TUSSA declara expresamente atoparse ao corrente de pago de todos os contratos de servizos e tributos aos que fai referencia esta estipulación, non asumindo a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade responsabilidade ningunha polas débedas que puideran existir con anterioridade a data de subrogación, e sen que poida derivar a sociedade municipal TUSSA cantidade económica ningunha por este concepto.

Os gastos orixinados pola subrogación da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade nos contratos de servizos e tributos mencionados nesta estipulación serán satisfeitos por esta.

Sexta. Cancelación escrituras públicas, inscricións rexistras e/ou anotacións preventivas

De ser o caso, a sociedade municipal TUSSA obrígase a cancelar todas as escrituras públicas e inscricións rexistras ou anotacións preventivas feitas como consecuencia do contrato de concesión da explotación do servizo público de estación de autobuses de Santiago de Compostela adxudicado ao Concello de Santiago por Resolución do Ministerio de Obra Públicas de 1 de xuño de 1971 e, posteriormente, cedido á sociedade municipal TUSSA o 5 de abril de 2005, por extinción deste dereito a través da presente resolución de mutuo acordo.

Asemade, a sociedade municipal TUSSA obrígase a asumir ao seu cargo os custes derivados de ditas cancelacións.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade obrígase a realizar os actos e trámites necesarios para levar a cabo as alteracións catastrais que, de ser preciso, se teñan que realizar sobre os bens e instalacións entregados pola sociedade municipal TUSSA como consecuencia desta resolución contractual.

Sétima. Información e publicidade

Sen prexuízo do establecido na cláusula segunda deste convenio, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade obrígase a notificar á sociedade municipal TUSSA a data de



finalización da actividade que constitúe a prestación de servizo público na estación de autobuses de Santiago de Compostela, cunha antelación mínima de 1 mes.

Asemade, tamén se obriga a comunicar a data de finalización da prestación do servizo público de estación de autobuses de Santiago de Compostela, aos titulares de contratos de xestión do servizo do público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral, que teñan saída e/ou chegada na estación de autobuses, cunha antelación mínima de 1 mes. Esta comunicación servirá para que TUSSA poida iniciar os trámites necesarios para a cancelación dos contratos que teña a concesionaria da estación para a xestión da explotación da estación de autobuses.

Pola súa parte, a sociedade municipal TUSSA asume a obriga de facer público aos usuarios/as da estación de autobuses de Santiago de Compostela, cunha antelación mínima de vinte (20) días naturais, a data de finalización da prestación de servizo público na estación de autobuses de Santiago de Compostela, mediante os medios de comunicación que coide mais axeitados para garantir a maior difusión posible.

Oitava. Eficacia da resolución contractual

As partes acordan que a resolución contractual do contrato adxudicado ao Concello de Santiago por Resolución do Ministerio de Obra Públicas de 1 de xuño de 1971 e, posteriormente, cedido á sociedade municipal TUSSA o 5 de abril de 2005 comece a producir efectos a partir da posta en servizo da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, situada na rúa Clara Campoamor desta cidade.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade obrígase a notificar á sociedade municipal TUSSA a data de posta en servizo da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, situada na rúa Clara Campoamor, cunha antelación mínima de 1 mes.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo dixitalmente o presente acordo.



A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

O alcalde de Santiago de Compostela e
presidente do Consello de Administración
de TUSSA

Ethel María Vázquez Mourelle

Xosé Antonio Sánchez Bugallo



ANEXO II

DOCUMENTO ADMINISTRATIVO POLO QUE SE FORMALIZA A CONCESIÓN DE DOMINIO PÚBLICO EN FAVOR DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SOBRE OS TERREOS E INSTALACIÓNS DA ESTACIÓN E AUTOBUSES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA INTEGRADA NA ESTACIÓN INTERMODAL, SITUADOS NA RÚA CLARA CAMPOAMOR DESTA CIDADE

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación de la Xunta de Galicia, segundo designación efectuada por Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia e en uso das atribucións que lle corresponden de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 41 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Doutra parte, Xosé Antonio Sánchez Bugallo, Alcalde del Concello de Santiago de Compostela, intervién en nome e representación deste, en exercicio das atribucións que lle confire o artigo 124.4 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local.

A estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, situada na rúa Clara Campoamor, de titularidade da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, foi construída pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, segundo o proxecto denominado “ Fase I do proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de autobuses e pasarela peonil de conexión – incluso praza clara Campoamor), para a xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela.

O concello de Santiago de Compostela é unha administración pública que ostenta competencias en materia de infraestruturas viaria e outros equipamentos da súa titularidade; tráfico, estacionamento de vehículos, mobilidade e transporte colectivo urbano, segundo o disposto no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.



Así mesmo, é competente en materia de transporte público de viaxeiros segundo o disposto no artigo 80.2. m) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O Concello de Santiago de Compostela solicitou o outorgamento dunha concesión de dominio público sobre os terreos e as instalacións da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, situada na rúa Clara Campoamor, e construída pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, segundo o proxecto denominado “ Fase I do proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de autobuses e pasarela peonil de conexión – incluso praza clara Campoamor), para a xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela

A dita concesión foi outorgada mediante resolución da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade do 17 de febreiro de 2021, e abrangue os terreos e as instalacións da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, situada na rúa Clara Campoamor desta cidade.

O obxecto do presente documento é formalizar unha concesión de dominio público por parte da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia en favor do Concello de Santiago de Compostela sobre os bens citados ,a cal se someterá ao seguinte

RÉXIME DE CONDICIÓNS

Capítulo I Condicións xurídico administrativas

Primeira. Réxime xurídico da concesión

A concesión de dominio público da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal réxese polas condicións establecidas neste título concesional, polas condicións establecidas no proxecto de explotación aprobado pola Dirección Xeral de Mobilidade con data 14 de decembro de 2020 e polo disposto no regulamento de explotación da Estación de autobuses de Santiago de Compostela.



En todo o non previsto polas disposicións anteriores, será de aplicación a Lei 16/1987, de 30 de xullo, de Ordenación dos Transportes Terrestres, pola Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Decreto 50/1989 do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do patrimonio de Galicia e pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas e normativa de desenvolvemento.

O outorgamento desta concesión non implica cesión ningunha da titularidade do dominio público que corresponde á Xunta de Galicia, nin as facultades inherentes a mesma, e entenderase outorgada salvo os dereitos preexistentes e sen prexuízo de terceiro.

Segunda. Obxecto da concesión.

O obxecto da concesión de dominio público está constituído polos terreos e as instalacións da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, situada na rúa Clara Campoamor, e construída pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, segundo o proxecto denominado “Fase I do proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de autobuses e pasarela peonil de conexión – incluso praza clara Campoamor), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de 5 de outubro de 2017 como proxecto de urxencia ou excepcional interese.

Terceira . Finalidade da concesión

A finalidade da concesión é a posta en servizo e xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, situada na rúa Clara Campoamor, así como das superficies e instalacións comprendidas dentro do recinto dela, e que aparecen definidas e detalladas no proxecto de explotación aprobado pola Dirección Xeral de Mobilidade o 14 de decembro de 2020, e que figura anexado a este título concesional.

Cuarta. Características das prestacións obxecto da concesión.

As prestacións obxecto desta concesión son as recollidas no apartado 3 do prego de prescricións técnicas do proxecto de explotación que rexe esta concesión, e, en concreto:



- Xestión do servizo correspondente á estación.
- A estación ten por obxecto concentrar nela os servizos de chegada, saída e tránsito de autobuses de liñas regulares de transporte de viaxeiros, equipaxes e encargos por estrada.
- Os vehículos de servizo discrecional, calquera que sexa a súa clase, poderán utilizar os servizos da estación, de acordo co que establece o regulamento de explotación e aboando por iso as mesmas tarifas que os servizos regulares.
- Con carácter excepcional e logo da tramitación pertinente, poderá impoñerse a obriga de acudir á estación a determinados servizos discretos cuxas características o aconsellen, e sempre que a capacidade da estación o permita.
- Xestión e explotación dos locais e garaxes existentes na estación.
- Xestión e explotación das zonas comúns da estación.
- Explotación publicitaria da estación

A entidade concesionaria da estación realizará, ao seu cargo, a dotación ou renovación de equipamento da estación que sexa necesaria, e no seu caso as obras complementarias ou de mellora que sexan precisas, para efectuar as prestacións obxecto do contrato, previa comunicación e autorización do órgano da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte.

Así mesmo o concesionario deberá cumprir aqueles requisitos que respecto á conservación, mantemento das instalacións, xestión da estación, se establecen nas condicións de explotación do proxecto de explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal.

Quinta . Duración da concesión

A concesión outorgarase por un prazo 25 anos, conforme ao artigo 40.4 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio de Galicia.

O referido prazo comezará a computarse dende a data de subscripción da acta de posta en servizo da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación



intermodal, situada na rúa Clara Campoamor, que será asinada por un representante da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e un representante do Concello de Santiago de Compostela.

Unha vez finalizado o prazo da concesión, o concesionario cesará no aproveitamento dos bens de dominio publico que viñese utilizando ao amparo da concesións, poñendo todos eles a disposición da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, en perfecto estado de conservación e funcionamento.

Igualmente, rematado o prazo da concesión, todas aquelas instalacións e medios complementarios executados polo concesionario para a debida explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela, reverterán á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, en perfecto estado de conservación e serán recibidos gratuitamente e libres de cargas e gravames pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Co obxecto de garantir o bo estado dos bens obxecto de reversión á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, seis (6) meses antes de que venza o termo para o remate da concesión, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, realizará unha inspección na estación de autobuses e notificará ao Concello de Santiago de Compostela as actuacións que debe realizar, de ser necesarias, para que se poidan entregar os bens nas condicións expresadas.

Asemade, quince (15) días antes do vencemento da concesión, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Dirección Xeral de Mobilidade realizará unha nova inspección para comprobar o estado das instalacións. De non ter o concesionario emendado os defectos que lle foron notificados, a administración poderá por si mesma ou por terceiros executar subsidiariamente as referidas actuacións a costa do concesionario.

O aboamento das cantidades que satisfaga a Administración para adecuar a estación de autobuses de Santiago de Compostela ás condicións sinaladas nesta condición serán repercutidas ao Concello de Santiago de Compostela, logo da tramitación do procedemento correspondente no que se garantirá a súa audiencia.

A concesión poderá ser obxecto de prorroga por mutuo acordo das partes.



Sexta. Facultade de inspección da concesión

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como titular do dominio público obxecto de cesión poderá inspeccionar de forma directa a concesión da estación de autobuses de Santiago de Compostela, de acordo co previsto nos artigos 115 e seguintes da Lei 5/2011, de 30 de setembro.

Setima. Transmisión da concesión

A cesión, encomenda ou calquera outra figura, que implique un cambio na posición do concesionario da estación de autobuses de Santiago de Compostela requirirá a autorización expresa e previa da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade .

Oitava. Aspectos rexistrals

O presente documento de formalización da concesión de dominio público da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal é título suficiente para inscribir a concesión no rexistro da propiedade.

Malia o anterior, o concesionario poderá solicitar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que este se eleve a escritura pública, sendo, neste caso, os gastos xerados pola formalización a súa conta.

A constitución de hipotecas e outros dereitos de garantía sobre a concesión deberá ser autorizada expresamente pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e na mesma deberá cumprirse o disposto na lexislación hipotecaria.

Novena. Concorrencia de outros títulos

O outorgamento da concesión non exime ao seu titular da obtención e mantemento en vigor das licencias, permisos e autorizacións que legalmente sexan precisos para o desenvolvemento da actividade, nin do abono dos tributos que lle sexan de aplicación, especialmente o Imposto de bens Inmóveis.



Décima.- Extinción da concesión

Son causas de extinción da concesión as previstas no artigo 42 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, así como non destinar os bens obxecto da concesión á finalidade sinalada, o incumprimento do disposto nas condicións de outorgamento ou a ocupación, cesión, autorización ou calquera outro título outorgado polo concesionario a favor dun terceiro de todo ou parte do inmovible.

Décimo primeira. Rescate da concesión

A concesión leva implícita a facultade de rescate antes do seu vencemento mediante indemnización se o xustificaran circunstancias sobrevidas de interese público.

En caso de rescate anticipado da concesión, o titular será indemnizado polo prexuízo material ocasionado pola extinción anticipada. Os dereitos dos acredores hipotecarios cuxa garantía apareza rexistrada no rexistro da propiedade na data en que se producise o rescate serán tidos en conta para determinar a contía e os receptores da indemnización.

Os acredores hipotecarios serán notificados da apertura dos expedientes que se sigan para extinguir a concesión por incumprimento das súas cláusulas ou condicións, para que poidan comparecer en defensa dos seus dereitos e, no seu caso, propoñan a un terceiro que poida substituír ao concesionario que viñese incumprindo as cláusulas da concesión.

Décimo segunda. Caducidade da concesión

Serán causas de caducidade desta concesión de dominio público os seguintes incumprimentos:

- a) Falta de actividade ou de prestación do servizo durante un período de tres meses, a non ser que a xuízo da administración concedente, obedeza a causa xustificada.
- b) Ocupación de dominio público non outorgado desenvolvemento de actividades que non figuren no título concesional ou no proxecto de explotación, así como o desenvolvemento de actividades sen o título habilitante para o seu exercicio.



- c) Transferencia e/ou cesión a un terceiro da explotación da estación de transporte de Santiago de compostela sen autorización expresa da consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- d) Constitución de hipotecas e outros dereitos de garantía, sen autorización expresada consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- e) Incumprimento doutras condicións deste título cuxa inobservancia se prevexa como causa de caducidade do título concesional.

Décima terceira. Réxime sancionador

As posibles sancións polo incumprimento das cláusulas da concesión rexeranse polo disposto nos artigos 127 e seguintes da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tamén será de aplicación ao concesionario o catálogo de infraccións e sancións establecido con carácter xeral na Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación de transportes terrestres e no Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei de ordenación de transportes terrestres.

Capítulo II Condicións económicas da concesión

Décimo cuarta. Financiamento da concesión

O Concello de Santiago de Compostela xestionará a explotación da estación de autobuses ao seu risco e ventura e a súa explotación económica desenvolveraa de xeito dilixente, optimizando os recursos dispoñibles e será retribuído polos ingresos derivados da explotación da xestión da explotación da estación de autobuses nos termos regulados no proxecto de explotación aprobado pola Dirección Xeral de Mobilidade con data 14 de decembro de 2020 .

Décimo Quinta.- Tarifas



Á presente concesión lle é de aplicación o seguinte réxime tarifario, distinguíndose as seguintes tarifas:

- Tarifas a percibir dos prestadores do servizo de transporte público regular de viaxeiros, que son os importes que ten dereito a percibir o concesionario dos operadores de transporte público regular de viaxeiros.
- Tarifas a percibir dos usuarios/as dos servizos públicos de transporte que son os importes que ten dereito a percibir o concesionario usuarios/as da estación de autobuses de Santiago de Compostela.

As tarifas que se establecen no correspondente Proxecto de Explotación terán a consideración de máximas.

Un. Tarifas a percibir dos prestadores do servizo de transporte público regular de viaxeiros
A concesionaria da estación de autobuses de Santiago de Compostela ten dereito a percibir, polo desenvolvemento da actividade de xestión da estación de autobuses, o pago dos operadores de transporte polas tarifas A, B, C e D todas reguladas pola Xunta de Galicia no proxecto de explotación da concesión da estación de autobuses obxecto de concesión e liquidaranse de acordo co que se dispón no Regulamento de explotación recollido como Anexo I das Condicións de explotación incluídas no Proxecto de explotación.

Dous. Tarifas a percibir dos usuarios/as dos servizos públicos de transporte

A concesionaria da estación de autobuses de Santiago de Compostela ten dereito a percibir, polo desenvolvemento da actividade de xestión da estación de autobuses, o pago dos usuarios da estación polas tarifas E e F, regulada pola Xunta de Galicia no proxecto de explotación da concesión da estación de autobuses obxecto de concesión e liquidaranse de acordo co que se dispón no Regulamento de explotación recollido como Anexo I das Condicións de explotación incluído no Proxecto de explotación.

Tres. Subidas de tarifa programadas

Dentro do plan económico-financiero da concesión demanial considerouse a aplicación dunha subida de tarifa a aplicar cada 5 anos. Esta subida programada, ao estar xa completamente definida, non está ligada a ningún índice xeral ou específico de prezos,



estando xa prevista a súa repercusión nos ingresos dentro da redacción dos estudos económico-financeiros.

A tarifa de actualización a aplicar, en cada unha das subidas programadas, será o equivalente a aplicar un incremento do 1% anual dende o último punto de revisión. A fórmula de aplicación será: $T' = T \cdot (1 + 0,01)^n$, sendo:

T': nova tarifa a aplicar

T: tarifa vixente

N= Número de anos dende o último punto de revisión (en xeral, 5).

Limitacións.

Dada a natureza de concesión demanial e o obxectivo de manter unha marxe estimada acumulada nula na vida da concesión, establécese un procedemento de equilibrio no caso de que os ingresos e o saldo das operacións estea por riba dos estimados nos estudos económico-financeiros.

No caso de que a suma de ingresos dos 5 anos previos á subida da tarifa programada estean por riba dos previstos no estudo económico financeiro, a subida de tarifa aplicarase como segue:

- Se o incremento porcentual de ingresos reais respecto a previstos, está por debaixo da porcentaxe de subida teórica, aplícase a diferenza entre a porcentaxe de subida teórica e o incremento porcentual de ingresos reais sobre teóricos.
- Se o incremento porcentual de ingresos reais respecto a previstos, é igual ou maior que a porcentaxe de subida teórico, non se aplica subida.

Décimo sexta. Outros ingresos comerciais

Ademais dos ingresos derivados das actividades propias da estación de autobuses, o concesionario ten dereito a percibir os ingresos procedentes da explotación directa ou indirecta dos locais comerciais, no caso de que os houbese, publicidade, máquinas



recreativas e de autovenda, e, en xeral, todas as actividades autorizadas neste título concesional e no proxecto de explotación para o seu desenvolvemento na estación de autobuses, e que non están sometidas ás tarifas autorizadas pola Xunta de Galicia.

A xestión dese tipo de ingresos comerciais será realizada polo concesionario ao seu risco e ventura, sen que poida derivarse compensación ningunha por parte da Administración polo feito de que non se alcancen os limiares de recadación previstos no estudo económico-financeiro que forma parte do Proxecto de Explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela.

Do mesmo xeito, a Administración tampouco poderá limitar a recadación do concesionario por eses conceptos, nin minorar o resto das súas obrigas económicas para con el, polo feito de que se superen os citados limiares de recadación previstos no estudo económico-financeiro que forman parte do Proxecto de Explotación. Se ben, neste suposto, o concesionario obrígase a adicar esta maior recadación a melloras e/ou ampliacións dos bens e instalacións que configuran a concesión.

Calquera outra actividade non prevista expresamente neste título concesional e no Proxecto de Explotación requirirá de autorización expresa da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade previa á súa posta en servizo.

Décimo sétima. Mantemento do equilibrio

As partes acordan que, consonte a finalidade expresada polo convenio de colaboración para a xestión da estación de autobuses de Santiago de Compostela, o réxime económico previsto neste título concesional e no proxecto de explotación da referida estación de autobuses persigue que o beneficio xerado pola explotación sexa nulo, de xeito tal que, se manteña un equilibrio económico da concesión, é dicir, un equilibrio entre ingresos e gastos.

En consecuencia, con carácter xeral, cada 5 anos a contar dende o inicio da actividade, a excepción do primeiro ano de explotación, (tomando este coma o ano 2021, co período comprendido dende a posta en servizo da estación ata o 31 de decembro do 2021), que se analizará de xeito particular, tomándose como primeiro período de revisión plurianual o comprendido entre os anos 2 e 5 de explotación), marcado pola sinatura da acta de entrega



das instalacións da estación de autobuses, realizarase un informe a partir dos balances económicos anuais entregados polo Concello de Compostela segundo rexe o proxecto de explotación. Dentro de este informe deberá recollerse a análise detallada da conta de perdas e ganancias, con explicación da evolución das partidas máis relevantes interanuais en custos e ingresos, e as súas motivacións.

Para o caso de que da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela resulten beneficios en cada período quinquenal, por parte do concesionario deberán destinarse á conservación, mantemento preventivo e correctivo, tanto ordinario coma extraordinario e melloras e modernización das instalacións, a realizar no ano seguinte á finalización do período quinquenal anterior.

No caso de que estes beneficios non se tiveran reinvertido, ou contratado antes da culminación dese ano, a entidade concesionaria obrígase a entregalos á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ingresándoos no Tesouro da Comunidade Autónoma de Galicia. O ingresos realizarase no primeiro trimestre do segundo ano tras a finalización do período quinquenal. Como excepción, o 100% do beneficio obtido no seu caso no último período quinquenal, será ingresado directamente no Tesouro da Comunidade Autónoma de Galicia no primeiro trimestre do ano seguinte.

No suposto de que, tras o período quinquenal da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela, resulten perdas, co gallo de manter o equilibrio económico da concesión e compartir entre as dúas administracións os efectos derivados dos posibles desaxustes coa realidade das estimacións en base ás cales se redactou o proxecto de explotación, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade realizará un restablecemento do equilibrio económico da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela mediante a adopción de calquera das seguintes medidas: a entrega dunha compensación económica ao concesionario, a modificación das tarifas previstas na cláusula décimo sexta ou calquera outra que as partes poidan acordar para manter a neutralidade económica da explotación.

En caso de optarse pola compensación económica, esta farase efectiva dentro do trimestre seguinte á verificación do balance pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.



En caso de optarse polo incremento de tarifas, dito incremento será adicional ao incremento programado a realizar quinquenalmente.

O restablecemento económico da concesión previsto no parágrafo anterior só se realizará nos supostos de seguido relacionados:

a) Cando a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade adopte acordos ou realice actuacións que, polo seu carácter obrigatorio para o concesionario, determinaran de forma directa a ruptura substancial dos parámetros tidos en consideración para a redacción do proxecto de explotación. En caso de que os referidos acordos ou actuacións carezan de transcendencia económica o concesionario non procederá efectuar ningunha compensación.

b) Cando o desenvolvemento da actividade de explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal lle orixine ao concesionario unha perda de ingresos, por terse producido unha minoración única e exclusivamente dos seguintes valores tidos en conta no estudo económico financeiro que se sinalan a continuación:

1. Redución en máis dun 10% do número de expedicións anuais estimadas no estudo económico financeiro (medicións relativas ás tarifas A).
2. Redución en máis dun 10% sobre o número de viaxeiros/as anuais estimados no estudo económico financeiro (medicións relativas ás tarifas B).

En caso de que o cómputo de expedicións ou de viaxeiros deste período de 5 anos sexa inferior en máis dun 10% ao previsto no estudo económico financeiro, e a suma dos ingresos totais por tódolos conceptos do mesmo período de 5 anos sexan superiores ou iguais aos estimados no estudo económico financeiro, non se realizará reequilibrio, estándose ao disposto na regulación da actualización de tarifas.

En caso contrario, realizarase o equilibrio ata compensar o déficit de ingresos no resultado previsto por ingresos regulados nas tarifas A, B e polo 50% do resultado previsto nas tarifas C.



c) Cando o desenvolvemento da actividade de xestión da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal lle orixine ao concesionario un incremento de custes soportados, por terse producido un incremento única e exclusivamente dos valores tidos en conta no estudo económico financeiro que se sinalan a continuación:

1. Incremento superior ao 10% no custo do subministro enerxético para climatización e iluminación segundo o valorado no estudo económico financeiro no quinquenio correspondente. Neste concepto non se inclúe o gasto enerxético da cafetería ao ter contador independente.

En caso de que o custo do subministro enerxético para climatización e iluminación, sexa superior en máis dun 10% ao previsto no estudo económico financeiro, e a suma dos custos totais por tódolos conceptos do mesmo período de 5 anos sexan inferiores ou iguais aos estimados no estudo económico financeiro, non se realizará reequilibrio, estándose ao disposto na regulación da actualización de tarifas.

2. En caso contrario, realizarase o equilibrio ata compensar o exceso de custo previsto neste apartado por calqueira dos métodos sinalados.

Primeiro ano de explotación

Debido á particularidade do momento no uso do transporte público no ano da sinatura do presente convenio se regula, de xeito especial o primeiro ano de explotación.

Para o caso de que da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela resulten **beneficios** no primeiro ano, estes engadiranse á conta de resultados do primeiro período de revisión plurianual (anos 2 a 5) para os efectos dos procesos de revisión e reequilibrio.

No suposto de que, tras o primeiro ano de explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela, resulten **perdas**, tras ser eliminado do cálculo da conta de resultados o pago realizado en concepto de IBI por parte do concesionario, co gallo de manter o equilibrio económico da concesión e compartir entre as dúas administracións os efectos derivados dos posibles desaxustes coa realidade das estimacións en base ás cales



se redactou o proxecto de explotación, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, se o balance final continúa arroxando perdas, realizará un restablecemento do equilibrio económico da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela mediante a entrega dunha compensación económica ao concesionario.

O restablecemento económico da concesión previsto no parágrafo anterior só se realizará nos supostos de seguido relacionados:

a) Cando a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade adopte acordos ou realice actuacións que, polo seu carácter obrigatorio para o concesionario, determinaran de forma directa a ruptura substancial dos parámetros tidos en consideración para a redacción do proxecto de explotación. En caso de que os referidos acordos ou actuacións carezan de transcendencia económica o concesionario non procederá efectuar ningunha compensación.

b) Cando o desenvolvemento da actividade de explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal lle orixine ao concesionario unha perda de ingresos, por terse producido unha minoración única e exclusivamente dos seguintes valores tidos en conta no estudo económico financeiro que se sinalan a continuación:

1. Redución en máis dun 10% do número de expedicións anuais estimadas no estudo económico financeiro (medicións relativas ás tarifas A).
2. Redución en máis dun 10% sobre o número de viaxeiros/as anuais estimados no estudo económico financeiro (medicións relativas ás tarifas B).

En caso de que o cómputo de expedicións ou de viaxeiros deste primeiro ano de explotación sexa inferior en máis dun 10% ao previsto no estudo económico financeiro, e a suma dos ingresos totais por tódolos conceptos do mesmo período anual sexan superiores ou iguais aos estimados no estudo económico financeiro, non se realizará reequilibrio.

En caso contrario, realizarase o equilibrio ata compensar o déficit de ingresos no resultado previsto por ingresos regulados nas tarifas A, B e polo 50% do resultado previsto nas tarifas C.



c) Cando o desenvolvemento da actividade de xestión da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal lle orixine ao concesionario un incremento de custes soportados, por terse producido un incremento única e exclusivamente dos valores tidos en conta no estudo económico financeiro que se sinalan a continuación:

1. Incremento superior ao 10% no custo do subministro enerxético para climatización e iluminación, segundo o valorado no estudo económico financeiro para o primeiro ano de explotación. Neste concepto non se inclúe o gasto enerxético da cafetería ao ter contador independente.

En caso de que o custo do subministro enerxético para climatización e iluminación, sexa superior en máis dun 10% ao previsto no estudo económico financeiro, e a suma dos custos totais por tódolos conceptos do mesmo período sexan inferiores ou iguais aos estimados no estudo económico financeiro, non se realizará reequilibrio, estándose ao disposto na regulación da actualización de tarifas.

2. En caso contrario, realizarase o equilibrio ata compensar o exceso de custo previsto neste apartado.

No caso de realizar a dita compensación, esta se integrará no estudo económico da concesión computando coma ingreso na conta de resultados do primeiro quinquenio da concesionaria.

En caso de optarse pola compensación económica, esta farase efectiva dentro do trimestre seguinte á verificación do balance pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Décimo oitava. Taxa pola utilización do dominio público

O Concello de Santiago de Compostela estará exento do pagamento das taxas administrativas dado que a actividade que se desempeña na estación de autobuses de Santiago de Compostela non leva consigo unha utilidade económica, de conformidade co artigo 40 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.



Esta exención entenderase concedida con carácter provisional e condicionada ao cumprimento, durante todo o tempo que dure a concesión, dos requisitos esixibles.

Capítulo III Condicións técnicas de explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela

Décimo novena. Explotación da estación de autobuses obxecto da concesión.

A xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela polo concesionario, calquera que sexa a súa data de vencemento, non altera o carácter autonómico do servizo.

Os servizos establecidos no correspondente Proxecto de Explotación defínense como servizos públicos de estación de transporte de interese xeral por parte da Administración Autonómica de Galicia.

As condicións técnicas que han de rexer a explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela son as expresamente reguladas no proxecto de explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela aprobado pola Dirección xeral de Mobilidade e que se incorpora como anexo a do título concesional.

O alcance das prestacións que forman parte do obxecto da concesión defínese con precisión no proxecto de explotación que rexe esta concesión.

O resto de aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos á prestación do servizo regúlanse neste título xurídico e no resto de disposicións que conforman o réxime xurídico da concesión.

Vixésima. Achegas da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade concede a utilización dos terreos de dominio



publico e instalacións de igual natureza neles construídos, que constitúen a estación de autobuses de Santiago de Compostela, para a súa explotación, ao cal ditos bens están inescusablemente afectos.

Vixésima primeira. Conservación

A entidade concesionaria queda obrigada a conservar e manter todas as instalacións e equipamentos da estación en bo estado de conservación e funcionamento, incluíndo os cadros eléctricos, o sistema de climatización, luminarias e servizos de extinción de incendios, de acordo coa normativa vixente que lle sexa de aplicación, de maneira que sirvan de xeito efectivo para as prestacións indicadas no punto anterior.

Esta obriga incluírá o mantemento e actualización de calquera software ou aplicación informática que sexa necesario para a explotación da estación de autobuses.

Así mesmo incluírá dita obriga, a conservación e mantemento en bo estado de conservación e funcionamento, de calquera obra complementaria ou de mellora das instalacións ou equipamentos da estación de autobuses, que a entidade concesionaria ou a Xunta de Galicia leve a cabo durante o prazo do contrato, incluso no caso de que a dita obra complementaria ou de mellora consista na instalación dun novo software ou aplicación informática relacionado coa explotación da estación.

O persoal da Xunta de Galicia poderá realizar visitas periódicas ás instalacións para comprobar que o estado de conservación e utilidade das mesmas é igual ou mellor ao que tiñan á firma do contrato coa entidade concesionaria.

O concesionario achegará un plan de mantemento e conservación ordinaria das instalacións e equipamentos da estación, indicando as tarefas a levar a cabo, o responsable de cada unha delas e a súa frecuencia, para garantir a adecuada conservación ordinaria e mantemento das instalacións e equipamentos da estación de autobuses.

O Plan de Conservación e Mantemento a desenvolver debe ser coherente co Documento 5 Plan de Conservación e Mantemento do proxecto de explotación aprobado pola Dirección Xeral de Mobilidade.



Dito plan desenvolverase e actualizarase anualmente polo concesionario, que o presentará, no mes de xaneiro de cada ano, para a súa aprobación polo órgano da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte, incluíndo, ademais, unha relación e descrición das actuacións de mantemento e conservación ordinaria realizadas no período inmediatamente anterior.

O concesionario ten o compromiso de levar a cabo todas as inspeccións obrigatorias, a realizar por organismos acreditados, das instalacións que no seu caso o requirisen de acordo coa normativa vixente.

Vixésima segunda. Modificación das características do servizo.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade poderá modificar, por razóns de interese publico, as características da concesión, sen dereito a reclamación ningunha por parte do concesionario.

Vixésima terceira. Dereitos do concesionario

O concesionario disporá en relación aos bens obxecto de concesión os dereitos recollidos no proxecto de explotación aprobado pola Dirección Xeral de Mobilidade con data 14 de decembro de 2020.

Vixésima cuarta. Obrigas do concesionario

O concesionario está obrigado, con carácter xeral, a:

- a) Manter as obras, instalacións e medios adscritos á concesión en adecuado estado de conservación e funcionamento, así como a prestar o servizo coa necesaria continuidade.
- b) Coidar da boa orde do servizo, podendo ditar as oportunas instrucións para elo, sempre que non se opoñan ao disposto no Regulamento de explotación de estación de autobuses de Santiago de Compostela, aprobado pola Dirección Xeral de Mobilidade o 14 de decembro de 2020, nin ao establecido nas presentes condicións, conservando en todo



caso a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo.

c) O concesionario responderá dos danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo. Exceptuase o suposto, de empresas titulares de contratos de xestión do servizo público de transporte de viaxeiros, que serán responsables a todos os efectos de cantos danos ocasionen os autobuses, a persoas ou bens, dentro da estación e o suposto de prexuízos ocasionados como consecuencia inmediata e directa de ordes da administración concedente.

Vixésima quinta. Obrigas do concesionario de carácter específico.

O concesionario está obrigado, con carácter específico, a:

- a) Repercutir os posibles beneficios obtidos pola xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela na conservación, mantemento preventivo e correctivo, tanto ordinario coma extraordinario e nas melloras das instalacións.
- b) Garantir un nivel de iluminación suficiente das instalacións de acordo co establecido na normativa vixente en materia de accesibilidade durante o horario de apertura da estación.
- c) Garantir os dereitos dos usuarios conforme ao disposto pola lexislación vixente e por este prego.
- d) Admitir o desfrute do servizo a toda persoa que cumpra os requisitos dispostos regulamentariamente, con respecto ao principio de igualdade establecido no artigo 14 da Constitución Española, e mediante o aboamento, se é o caso, das contraprestacións económicas comprendidas nas tarifas aprobadas.
- e) Non allear bens que houbesen de reverter á Administración concedente, nin gravalos salvo autorización expresa da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- f) Exercer por si a concesión e non cedela ou traspasala a terceiros sen a autorización expresa da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, que só poderá autorizala nas



circunstancias que sinala a lexislación aplicable en materia patrimonial.

g) O concesionario comprométese a someterse á arbitrase da Xunta Arbitral do Transporte de Galicia en relación con calquera controversia que poida suscitarse cos usuarios/as do servizo, en relación coa xestión da explotación da estación de autobuses.

h) Cumprir todas as responsabilidades que en materia laboral deriven do persoal destinado ao servizo durante a vixencia do contrato.

i) Asunción de todas as responsabilidades civís ou penais que deriven da execución do servizo durante o período de vixencia do contrato.

j) Indemnización por danos e prexuízos causados a terceiros nos termos expostos nos artigos 32 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

k) Facilitarlle á Xunta de Galicia cantos datos se soliciten sobre o uso da estación e calquera outro extremo de tipo estatístico, laboral ou fiscal que lle sexa requirido, relacionado coa actividade da estación. Terá que remitir trimestralmente dentro dos primeiros quince días posteriores ao trimestre, información estatística dos servizos prestados na estación á Dirección Xeral de Mobilidade. Durante o prazo inicial de seis meses, o concesionario no ten a obriga de enviar esta información á Dirección Xeral de Mobilidade.

l) Remitirlle ao órgano competente en materias de transporte da Xunta de Galicia o Balance Económico Anual de Explotación no primeiro trimestre do ano seguinte.

m) Poñer en coñecemento da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade calquera anomalía que se produza na explotación da estación

n) Dende o inicio da explotación o concesionario contará cun libro de rexistro dixital de entradas e saídas de autobuses á estación, e mantelo debidamente actualizado, e poderá ser esixido pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a partir do sexto mes de explotación.



Este libro rexistro levarase en soporte dixital, e del remitirase copia ao órgano da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade competente en materia de transporte, nos períodos e condicións que esta estableza; igualmente, o dito órgano poderá establecer o contido mínimo dos asentos, así como as condicións técnicas e de seguridade que resulten precisas para garantir a precisión, a seguridade e a conservación desta información.

o) Subscribir cunha entidade aseguradora un seguro de responsabilidade civil que cubra a todo risco as responsabilidades económicas que se poidan derivar por danos ás instalacións, aos seus bens propios ou a aqueles que estean en tránsito por elas, e ás persoas que accedan á estación, e asumir o pagamento das primas correspondentes.

O concesionario obrígase a manter en vigor durante toda a concesión o seguro de responsabilidade civil anteriormente citado, e deberá remitir anualmente á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade copia do xustificante do abono da prima correspondente no prazo máximo dun mes dende a data do recibo deste.

O incumprimento desta obriga dará lugar á caducidade da concesión.

p) As obrigas establecidas no regulamento de explotación e no plan de conservación e mantemento da estación de autobuses de Santiago de Compostela incluídos no proxecto de explotación que rexe esta concesión.

q) As derivadas da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e as súas posteriores modificacións e disposicións concordantes.

r) Calquera outra que lle sexa imposta pola Lei 5/2011, de 30 de setembro, pola Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación de transportes terrestres, e disposicións concordantes e de desenvolvemento, por outras leis ou por este título concesional.

s) Cumprir as obrigacións en materia de información e comunicación sobre o apoio procedente do FEDER segundo o apartado 2.2 do Anexo XII do Regulamento N° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e de acordo ás especificacións técnicas establecidas no Regulamento de execución (UE) n° 821/2014 da



Comisión, do 28 de xullo de 2014. En particular deberá recoñecer o apoio do FEDER á construción da estación de autobuses mostrando en todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo o emblema da Unión, así como unha referencia á Unión Europea e unha referencia ao Fondo que deu apoio á operación (art. 4 do Regulamento de execución (UE) nº 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014). Nas devanditas medidas deberá incorporarse o lema asociado ao Fondo, “Unha maneira de facer Europa”.

t) A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, coma beneficiaria da cofinanciación FEDER colocará, nun lugar ben visible para o público, un cartel ou placa permanente referente a esta cofinanciación segundo os requisitos establecidos nos art. 3 a 5 do Regulamento de execución (UE) nº 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014, nun prazo de tres meses a partir da recepción das obras. O concesionario acepta a obriga de manter esta placa no lugar indicado, velando pola súa visibilidade e conservación.

u) A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, coma beneficiaria da cofinanciación FEDER debe someterse, no caso de que se lle requira ás actuacións de comprobación así como calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, en especial Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, a Dirección Xeral de Fondos Europeos do Ministerio de Facenda e Función Pública, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas Europeo, o Consello de Contas, os órganos de control da Comisión Europea, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores e ás verificacións previstas no artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Consello durante, polo menos, un período de cinco anos desde a posta en servizo.

O concesionario comprométese a subministrar a información que se lle requira para as citadas actuacións de comprobación.

Vixésima sexta. Dereitos dos usuarios/as da estación de autobuses

Os usuarios/as da estación de autobuses de Santiago de Compostela terán os seguintes dereitos que deberán garantirse en todo caso polo concesionario:

a) Dereito á existencia e funcionamento normal da explotación do servizo.



- b) Dereito a recibir información suficiente e axeitada sobre os servizos que se prestan na estación e dos requisitos para acceder a eles
- c) Dereito de acceso ao uso e desfrute do servizo sen máis limitacións que as que poidan ser impostas pola lexislación vixente, quedando expresamente prohibida calquera causa de limitación que supoña discriminación.
- d) Dereito a impugnar o réxime de tarifas aprobado pola Administración competente.
- e) En xeral, aqueles dereitos que reconece ao seu favor a Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación de transportes terrestres.
- f) Todo dereito que sexa de obrigado polo cumprimento da normativa de consumidores e usuarios e a actualización da mesma.

Vixésima sétima. Penalidades

Seralle de aplicación ao concesionario as penalidades establecidas no Proxecto de Explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela no caso de incumprimentos dos estándares de calidade de acordo co artigo 46.2 da Lei 1/2015 de 1 de abril de Garantía de calidade dos servizo públicos.

As penalidades serán calculadas en función do nivel de servizo detectado nas visitas de control en base aos Indicadores de servizo definidos no Proxecto de Explotación.

Para a imposición destas penalidades tramitarase un procedemento no que se garantirá a audiencia do concesionario.

Estas penalidades no caso de non ser aboadas en tempo e prazo faranse efectivas contra a garantía de explotación.

Vixésima oitava. Servizos complementarios da estación.

O concesionario poderá contratar con terceiros a xestión dos servizos accesorios, tales como cafetería, limpeza, seguridade, consigna e sistemas de información aos usuarios vestiarios, etc. quedando os arrendatarios de ditos servizos complementarios obrigados ante o concesionario, único responsable ante a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, da explotación do servizo.



O concesionario poderá contratar coas empresas titulares de contratos de concesión do servizo público de transporte de viaxeiros de uso xeral por estrada que utilicen a estación, a utilización de taquillas ou locais para a administración e expedición de billetes, na forma establecida no Regulamento de explotación.

Os contratos para a prestación dos referidos servizos ou, no seu caso, deberán ser inescusablemente sometidos á autorización previa e expresa da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, sen cuxo requisitos ditos contratos carecerán de validez.

Os citados contratos rexeranse polas súas respectivas condicións e polas normas legais que lles sexan de aplicación.

En caso de que algún ou algúns dos servizos complementarios da estación, se explotasen directamente polo concesionario desta última, a súa respectiva organización e tarifas serán tamén sometidas a previa autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Extinguida a concesión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade poderá subrogarse nos dereitos e obrigas do concesionario nos contratos que houberse concertado para a prestación dos servizos complementarios, ou ben declarar resoltos ditos contratos, sempre e cando, nun ou noutro caso, as cláusulas pactadas nos mesmos ou nas normas polas que cada un deles se rexen no o impedian.

Vixésima novena. Regulamento de explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal

O concesionario obrígase a desenvolver a explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal consonte ao Regulamento de explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela incluído no Anexo I do proxecto de explotación da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela, aprobado pola Dirección Xeral de Mobilidade con data 14 de decembro de 2020.



Trixésima. Posta en servizo da estación de autobuses de Santiago de Compostela e eficacia da concesión.

Logo de recibidas as obras da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal obxecto de concesión, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, autorizará a posta en servizo da xestión da estación de autobuses de Santiago de Compostela obxecto desta concesión.

Esta autorización será notificada ao Concello de Santiago de Compostela e determinará a data de inicio do prazo de duración da concesión obxecto deste outorgamento e o comezo da xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal.

Se ben, no que atinxe aos servizos complementarios aos que fai referencia a condición vixésimo oitava deste documento concesional, o Concello de Santiago de Compostela poderá contratalos dende a data de sinatura deste título concesional, co fin de que na data sinalada no parágrafo anterior a estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal poida contar con ditos servizos auxiliares.

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

O alcalde de Santiago de Compostela e
presidente do Consello de Administración
de TUSSA

Ethel María Vázquez Mourelle

Xosé Antonio Sánchez Bugallo

